



Autoridades, amigas e amigos, benvidos á gala da IX edición dos premios Mestre Mateo.

Hai pouco tempo dicía un responsable político que estamos no “mellor momento do cine galego”. Non o dicía de broma... creo. E, ademais, para min que ten razón. Cando o dixo, debía de estar pensando na notable presenza dos nosos traballos en festivais nacionais e internacionais, ou nalgunha das figuras e obras máis sobresaíntes de entre nós.

Coincido con esa idea, creo que estamos no mellor momento do audiovisual galego. ¿E saben por que llelo digo? Hai dúas razóns, un pouco distintas entre si.

A primeira é que nunca na historia houbo un colectivo de profesionais e creadores tan numeroso, tan capaz e con tanto talento e experiencia coma o actual. Nunca. Dígollo sen retórica ningunha: somos un colectivo complicado, por veces torpe, pero nunca fomos mellores ca hoxe. Nunca.

A segunda razón é máis fastidiada: estamos no mellor momento do audiovisual galego porque todo apunta a que imos a peor. A maior parte dos traballos que hoxe compiten nesta gala existen porque, tempo atrás, houbo unha aposta aberta, entusiasta, imaxinativa para que existisen. Pero, hoxe, ¿onde quedou ese entusiasmo, esa apertura, esa imaxinación? ¿Que estamos sementando hoxe que poidamos colleitar mañá? Moi pouco.

Todos sabemos de quen é a culpa: da crise económica. Todos somos conscientes da dureza desta crise, que tanto afecta a tantos. E que, naturalmente, a nós tamén nos ten que afectar. A crise explica que os orzamentos da Xunta baixen de media máis dun 10%. Pero, ¿explica, **por si soa,**

a crise un recorte de máis dun 50% para a produción audiovisual por parte da Televisión de Galicia e da Consellería de Cultura? ¿Ou deberíamos dicir AGADIC? ¿Deberíamos dicir CONSORCIO?

Se cadra, é todo cuestión de prioridades, pero ¿ten culpa a crise de que se tarden anos e anos en tomar decisións que non costan un peso, pero que servirían para facer máis eficaz a política audiovisual deste país? ¿Explica a crise a histórica lentitude coa que se afronta a reforma da nosa televisión pública, na que todos os partidos din estar de acordo? Faise raro que, estando en crise, queden partidas sen executar, que esta gala se emita de madrugada ou que se borre do mapa unha iniciativa tan humilde e tan positiva coma Flocos.tv.

En fin, que está claro que hai crise. Pero, ollo, semella que non é só unha crise económica. Redúcense os orzamentos, pero tamén se reduce a transparencia, a planificación (esa permanente sensación de improvisar, de atender só cando se arma barullo, de deixalo correr agardando que pase desapercibido). Redúcese o entusiasmo, a ansia de facer cousas e o rigor. Xusto cando todo isto –que non costa un peso- máis falta fai.

Así que, se entre todos non lle poñemos remedio, é posible que este sexa, efectivamente e por moito tempo, o mellor momento do audiovisual galego. Moitos queremos que non sexa así. Moitos cremos que co noso traballo estamos a facer país e a amosar país: lingua, cultura, industria, comunicación, educación, turismo.... E non podemos entender que ao noso audiovisual non se lle dea o valor público que merece. ¿Cómo entender que o sector audiovisual se defina por lei como estratéxico e que non exista tal estratexia?



O conxunto do audiovisual galego e outros sectores da cultura estamos a traballar para un futuro mellor. Estamos facendo máis esforzos que nunca para seguir creando ilusión, soños, traballo, cultura... país. Sabemos que o podemos conseguir se a administración, a televisión pública e os propios profesionais, que debemos estar máis unidos ca nunca, traballamos xuntos.

Agradezo o apoio de patrocinadores e colaboradores, sen os cales esta gala non se tería celebrado. Moitas grazas Ourense por esta calurosa acollida. Saúde e traballo a todos.

Boa noite, e ¡de hoxe nun ano!